



A FOLLA DA CGT

Núm. 1, 26 novembro 2019

CGT

Boletín informativo da Sección Sindical Unitaria da CGT en Navantia-Ferrol

Promocións

En vésperas das eleccións sindicais, a empresa intentou influír nos resultados soltando unha choiva de **ascensos**, o 90% por antigüidade e o 10% por libre designación.

Pero no proceso houbo dúas **irregularidades**: 1) Nos de antigüidade, non ascenderon persoas que tiñan dereito. 2) Nos de LD, se publicaron menos prazas das que tocan en Ferrol.

En ambos casos houbo reclamacións, que a empresa aínda non contestou, coa agravante, no caso da antigüidade, de que unha situación similar noutras factorías xa está resolta na gran maioría dos casos. É hora de que a empresa respecte o acordado.


A presión vira o pulso a Navantia e Siemens

O Centro de Excelencia do Sector Naval estará finalmente en Ferrolterra

Navantia tivo que ceder ante a presión e muda os seus plans de situar o centro de excelencia do sector naval en Santiago de Compostela. Esta decisión era unha auténtica **vergoña e indefendible** dende calquera punto de vista.

O Comité de empresa non foi quen de emitir un comunicado propio

Na polémica sobre a ubicación do centro (**CESENA**), opinou todo o mundo... menos o comité de empresa. A pesar da importancia do tema, a pesar da cam-



paña reivindicando carga de traballo e futuro, o comité non dixo nin mu. ¿Por que? Porque, antes de opinar, había que saber que explicación daba o director, e como o director non estivo a semana pasada, o tema quedou solucionado antes de que o comité dixese ou fixese algo.

Mal vamos se, para ter opinión sindical, algúns teñen que preguntarlle á empresa primeiro.

Atrasos asimilacións

Celebrouse o xuízo da demanda presentada pola **CGT** e xa hai sentenza. O xuíz estima parcialmente a nosa demanda e condeá á empresa a pagar intereses. A sentenza é recorrible. Xa

Illa facilitamos ós demais sindicatos por se lles é de utilidade.

Se a algún traballador/a individual lle interesa, tamén Illa facilitamos sen problema.

Convocatoria de prazas

O proceso non para de dar sorpresas. A última (e esperemos que derradeira) é da semana pasada: a empresa subcontratada interpretou o requisito de experiencia laboral "*de 0 a 3 anos*" como "*menos de 4 anos*", polo que a revisión deste aspecto provocará outro retraso na publicación da lista de admitidos (porque lista de non admitidos xa está claro que non a haberá, a pesar de estar contemplada no documento sobre os procesos de selección acordado coa empresa na Comisión Central de

Emprego e ser unha das esixencias do comité plantexadas na asemblea xeral do 29 de outubro). Esta convocatoria está sendo un esperpento. O menos que se pode facer é esixir que os mesmos que poñen as bases, as respecten. Por outra banda, segue pendente a convocatoria de prazas *senior* deste ano. Antes de sacalas, é necesario facer balance desta primeira experiencia é corrixir moitos aspectos, empezando por establecer probas obxectivas para a selección dos titulados universitarios.



Contacta con nos:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Búscanos tamén en Facebook,
Twitter e Instagram



Parellas de feito

Recentemente saltou o caso dun traballador que é parella de feito a quen a empresa lle denegou unha licenza retribuída co argumento de estar inscrito nun rexistro municipal, no canto do rexistro da Xunta. Na nosa opinión, é unha interpretación restritiva que non se axusta ó convenio, que no artigo 16 recolle dous tipos de parella: "parella de feito" (sobre a que, ademais, non se di nada do rexistro no que hai que estar inscrito) e "parella" a secas, definida no punto 1 como "a persoa coa que se demostre unha convivencia certa", o que pode ser demostrable cun informe da Policía Municipal. Xa se ve o moito que se cre a empresa o seu discurso sobre a conciliación familiar.

Control de accesos da Industria Auxiliar

Dende a comisión de IA se lle está planteando á Navantia a necesidade de que as compañías existiren a xornada realizada polos seus traballadores. Dende a CGT pensamos que hai que ir un paso máis aló: Navantia debe utilizar os tornos para controlar que se respectan as xornadas e os descansos que marca a lei, impedindo o acceso á factoría en caso contrario.

Campaña afiliación

Esta sección sindical iniciará dende o mes de nadal una campaña de afiliación entre os traballadores de Navantia, tanto da principal como de auxiliares.



Becas

Houbo bastante debate no comité sobre que traballadores teñen dereito a elas, quedando finalmente en que só terán dereito os que estiveron acollidos ó III Convenio Colectivo, ou sexa, aqueles traballadores que non son TS e que ingresaron antes da sinatura do convenio en vigor (20 de decembro de 2018).

Os sindicatos que estiveron a favor deste criterio restritivo (MAS, CIG e UGT) alegaron que non darlles becas ós TS era unha medida "estratéxica" para presionar á empresa nas negociacións das comisións saídas do convenio único.

A CGT estivo en contra por dúas razóns: 1) Entendemos que non se lle pode negar a un traballador un dereito que o convenio lle dá; e 2) Moito máis importante: o estratéxico é a unidade dos traballadores, que con ese criterio excluínse se ve prexudicada.

De feito, os compañeiros procedentes de **Sestao** que son **operarios ou empregados** tampouco teñen dereito a beca. Bonita maneira de recibir a uns compañeiros que levan décadas sendo vapuleados pola reconversión naval.

Plus de distancia

A empresa denegoullelo a compañeiros procedentes de **Sestao** cuxo enderezo na nosa comarca está a máis de 2 kilómetros da factoría. Entendemos que é outro incumprimento do convenio, xa que este plus está recollido no artigo 33 (Retribucións de GP-3 e GP-4).

Dado que o convenio non concreta os criterios de aplicación, entendemos que deben respectarse os usos e costumes.

CGT xa conta con asesoría xurídica

Dende este mes, esta sección sindical unitaria xa dispón de asesoría xurídica, logo de concertar un acordó co despacho **Cartelle Abogados**, en Esteiro. Aparte de prestar servizo ós afiliados, tamén asesorará ó sindicato en materia legal.

Manifestacion xoves 28

Este xoves 28 está convocada una manifestación polo futuro da comarca. Sairá as 20:00 horas da Praza de España.